

Bases legais da promoción "A persoa máis segura"

1. Compañía organizadora

SANMARTÍN GESTIÓN A ESTRADA S.L. (en adiante, SANMARTÍN GESTIÓN), con domicilio social na rúa San Paio nº 1 (A Estrada), con CIF número B-36547560, organiza unha promoción denominada "A persoa máis segura" (en adiante a "PROMOCIÓN") coa finalidade de dar a coñecer a páxina de Facebook de SANMARTÍN GESTIÓN.

2. Desvinculación respecto a Facebook

Facebook non patrocina, avala, nin administra de modo algún esta PROMOCIÓN, nin está asociada a ela, polo que os participantes liberan a Facebook de toda responsabilidade polos eventuais danos ou perxuízos que se deriven da mesma. O usuario desvincúlase totalmente de Facebook e é consciente de que está a proporcionar a súa información a SANMARTÍN GESTIÓN e non a Facebook. A información que proporcione só se utilizará para tramitar a participación do concursante e para comunicarlle o premio no caso de que resultara gañador.

3. Ámbito e duración

A promoción desenvolverase en todo o territorio de España. A data de comezo do concurso será o día 19 de febreiro e a data de finalización será o 31 de marzo ás 14.00 horas.

4. Finalidade

O concurso ten como finalidade premiar cun seguro de coche ou moto e cun seguro de fogar a un dos usuarios que lle dea "Me gusta" aos post do concurso "A persoa máis segura" publicados na páxina de Facebook de SANMARTÍN GESTIÓN.

5. Requisitos para participar

Poderán participar na PROMOCIÓN:

- Todas as persoas físicas maiores de 18 anos con residencia legal en España que sexan fans da páxina oficial de Facebook de SANMARTÍN GESTIÓN e que contén un perfil de usuario real en Facebook.

Non poderán participar:

- Empregados de SANMARTÍN GESTIÓN.
- Menores de 18 anos.
- Empregados de empresas vinculadas á organización desta PROMOCIÓN.

Se resulta gañadora algunha das persoas excluídas de participación, perderá o seu dereito a obter o premio gañado e procederase a entregar o mesmo á seguinte persoa que reúna as condicións de participación válidas de entre os suplentes designados.

6. Premio

Outorgarase por sorteo aleatorio entre os participantes un único premio consistente nunha póliza de seguro a terceiros para un coche (ou unha moto) e tamén unha póliza de seguro para o fogar, ambas con cobertura por un período dun ano.

O premio é persoal e intransferible, non podendo ser canxeado por ningún outro produto ou servizo nin polo seu contravalor en metálico.

SANMARTÍN GESTIÓN resérvase o dereito de propoñerlle ao gañador as coberturas que estime oportunas, segundo as características do seu vehículo e/ou fogar.

7. Mecánica do concurso

O concurso terá lugar na páxina oficial de Facebook de SANMARTÍN GESTIÓN. Para participar unicamente será necesario darlle "Me gusta" aos posts do concurso publicados por SANMARTÍN GESTIÓN.

Ademais de darlle "Me gusta" aos post do concurso, os usuarios poderán realizar comentarios, non sendo este un requisito imprescindible para participar no concurso. En todo caso, eliminaranse os contidos de calquera índole que non se ciñan estrictamente á temática do concurso ou que SANMARTÍN GESTIÓN non considere axeitados para a súa publicación.

8. Selección do/a gañador/a

O gañador da PROMOCIÓN será elixido por sorteo aleatorio entre os participantes. Persoal de SANMARTÍN GESTIÓN encargarse de contactar co gañador unha vez finalizado o concurso e de xestionar a notificación do premio con el por mensaxe privado vía Facebook e, posteriormente, por correo electrónico e/ou teléfono.

9. Comunicación ao gañador

Se non se lograse contactar coa persoa gañadora nun prazo de 24 horas desde o primeiro intento de contacto, ou se esa persoa renunciase ao premio, procederáse a seleccionar un novo gañador, perdendo a anterior persoa gañadora o seu dereito a reclamar o premio.

Asimesmo, comunicarase o nome da persoa gañadora na fan page de Facebook de SANMARTÍN GESTIÓN unha vez finalizada a PROMOCIÓN e durante as 48 horas seguintes.

10. Reservas e limitacións

SANMARTÍN GESTIÓN pretende que a participación dos distintos usuarios na PROMOCIÓN se faga con igualdade de oportunidades e con estricto respecto ás normas da boa fe. Por iso, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas Bases dará lugar á conseguinte descualificación do participante na PROMOCIÓN. Sen perxuízo do anterior, entenderase que se produce fraude cando se detecta o suposto uso de aplicacións independentes cara ao sitio web, así como a realización dun abuso de consultas ao servidor e todos aqueles comportamentos que poidan resultar aparentemente abusivos e/ou malintencionados. A constatación de calquera destas circunstancias durante a PROMOCIÓN suporá a descualificación automática, así como a perda do premio se se lle houberse outorgado.

SANMARTÍN GESTIÓN queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impedira a súa identificación. Igualmente, non se responsabiliza das posibles perdas, deterioros, roubos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar ao envío ou entrega dos premios.

SANMARTÍN GESTIÓN resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación da PROMOCIÓN.

SANMARTÍN GESTIÓN exclúe calquera responsabilidade por danos e perxuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos e plataforma mediante os que se participa na PROMOCIÓN, á defraudación da utilidade que os usuarios houberan podido atribuír aos mesmos e, en particular, aunque non de modo exclusivo, aos fallos no acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través de Internet ou comunicacións telefónicas habilitadas a tal efecto.

SANMARTÍN GESTIÓN resérvase o dereito a efectuar cambios que redunden no bo fin da PROMOCIÓN cando conorra causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levala a termo na forma en que recollen as presentes bases.

SANMARTÍN GESTIÓN resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período da PROMOCIÓN, así como a facultade de interpretar as presentes bases legais. A empresa organizadora resérvase o dereito de acortar, prorrogar, modificar ou cancelar esta PROMOCIÓN se concorreran circunstancias excepcionais que impidiran a súa realización, comunicando ditas circunstancias de maneira que se evite calquera perxuízo para os participantes na PROMOCIÓN.

A empresa organizadora da PROMOCIÓN non será responsable dos retrasos, perdas ou deterioros por causas que non lle sexan imputables. A empresa organizadora tampouco responderá dos casos de forza maior que poideran impedir ao gañador/a o disfrute total ou parcial do seu premio.

A empresa organizadora exclúe calquera responsabilidade por danos e perxuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento da web medianta a que se participa na promoción, á defraudación da utilidade que os usuarios houberan podido atribuír ao mesmo e, en particular, aínda que non de modo exclusivo, aos fallos no acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través de internet.

A empresa organizadora resérvase o dereito de eliminar da promoción por causa xustificada a calquera usuario que defraude, altere ou inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario da mesma.

10. Reservas e limitacións

Aos efectos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 maio, de Protección Civil do Dereito á Honra, Intimidade Persoal e Familiar e á propia Imaxe, establecece que a aceptación do premio polo gañador implica o outorgamento expreso da autorización prevista no artigo 2º a SANMARTÍN GESTIÓN para utilizar o seu nome e apelidos, así como a súa imaxe, en calquera actividade pública ou de difusión relacionada coa presente PROMOCIÓN, sen que por iso teña dereito a remuneración ou obtención de beneficio algún diferente da entrega do premio. A negativa implicará a renuncia automática ao premio.

Os datos subministrados polos participantes serán tratados confidencialmente e poderán ser recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo SANMARTÍN GESTIÓN titular e responsable de dito ficheiro, cuxa finalidade será a xestión do presente sorteo.

SANMARTÍN GESTIÓN garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos na presente promoción, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais dos concursantes.

SANMARTÍN GESTIÓN resérvase o dereito de usar o nome e a dirección do gañador/a a efectos da súa utilización con fins publicitarios relacionados coa presente PROMOCIÓN.

11. Aceptación das bases

A simple participación implica a aceptación das presentes Bases, polo que a manifestación no senso de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión do participante e, como consecuencia diso, SANMARTÍN GESTIÓN quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

12. Xurisdición competente

Para cantas dúbidas poidan derivarse da interpretación do presente documento, as partes sométense á xurisdición e foro dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro fodo que poidera corresponderlles.